

1 Observa estas imaxes e responde as preguntas.



a) Completa a táboa marcando cun X as propiedades que lle corresponden a cada imaxe.

	Libra de chocolate	Batido de chocolate
Forma fixa		
Forma variable		
Volume fixo		
Volume variable		

b) Indica en que estado se encontra o chocolate da libra. E o do batido?

.....

c) Queremos preparar unha cunca de chocolate quente e, para iso, quentamos a libra de chocolate nunha cazola. Colorea o cambio de estado que se está producindo.

Solidificación

Vaporización

Fusión

Condensación

d) Ao derreterse o chocolate da libra, transfórmase noutra substancia? É un cambio físico ou químico? Xustifica a túa resposta.

.....

.....

e) Da cunca de chocolate quente vemos que sae fume. Ese fume, en que estado se encontra? Cita algunha característica da materia nese estado.

.....

